

CAMPAÑA DA PROMOCIÓN DA **MEDIACIÓN**

É a mellor maneira
de resolver un **CONFLITO**
por moi difícil que che pareza!

Qué é a Mediación?

É un proceso alternativo de resolución de conflitos:

- Intraxudiciais derivados ou que veñen dun procedemento xudicial, e tras decidilo ámbalas partes, como medio alternativo de resolvelo.
- Tamén extraxudiciais, porque ámbalas partes deciden libre e voluntariamente acudir a el para resolver as súas diferenzas ou diverxencias.

Cómo é a Mediación?

- Voluntaria.
- Confidencial.
- Son as partes as que deciden e adoptan os acordos.
- Acordos con plena validez xurídica:
 - Incorporándose ó procedemento cando é intraxudicial.
 - Pódense elevar a escritura pública cando é extraxudicial.
- Non impide o proceso xudicial se non se chega a acordo.

Por qué ir á Mediación en lugar doutros procedementos de litixio?

Pódese acadar mediación no eido familiar, laboral, civil, mercantil, penal, etc.

Posibilidades de éxito superiores ó 70%.

Custos e rapidez: Tanto a mediación intraxudicial coma a extraxudicial aforran tempo, evitando ademais as taxas, costas, ...

Qué é un Mediador?

O Mediador é imparcial e neutral, acerca e axuda ás partes a chegar a un acordo negociado a través do diálogo nas distintas sesións.


Profesional titulado con formación en Mediación segundo a Lei 5/2012, rexistrado e con seguro de responsabilidade civil.

Os Mediadores de COITIVIGO exercen a Mediación en asuntos civís e mercantís, que afecten a persoas e/ou empresas da provincia de Pontevedra.

Onde me podo informar máis? Cómo podo solicitar un Mediador?

Os Mediadores de COITIVIGO pertencemos á Institución de Mediación de Enxeñeiros nacional (In.Me.In), e estamos á túa disposición para informarte de balde sobre a Mediación.

Tamén podes contactarnos para iniciar calquera proceso de Mediación que poidas necesitar.



Colexio Oficial de Enxeñeiros
Técnicos Industriais de Vigo
C/Venezuela nº 37-1º. 36203 Vigo

Tel. 986 431793
e-mail: coitivigo@coitivigo.es

www.coitivigo.es/mediacion

